

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

*EXTRACTO da Orde do 8 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de estadías formativas en empresas ou entidades vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia, destinados ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciados pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (programa Xuventude Mentoring na Empresa, código de procedemento BS324D).*

BDNS (Identif.): 811569.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta orde:

a) As entidades privadas sen ánimo de lucro legalmente constituídas, domiciliadas en Galicia ou nun territorio membro da Unión Europea ou asociado ao Espazo Económico Europeo, que desenvolvan a súa actividade en Galicia e que desenvolvan actividades no eido da mocidade e/ou do emprego, e cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

b) Os concellos galegos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este, así como as entidades resultantes da fusión de concellos a que se refire a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Así mesmo, aqueles concellos que, sen constituíren mancomunidade, acorden desenvolver programas conxuntos de actuación, poderán solicitar as subvencións que regula esta orde, de conformidade co Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 28 de febreiro de 2013, polo que se determinan os criterios aplicables ás subvencións destinadas ás



entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para primar proxectos de xestión compartida e incentivar procesos de fusión municipal. Neste suposto, todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

### Segundo. *Obxecto*

O obxecto é establecer o procedemento de concesión de subvencións para a posta en marcha de programas de estadías formativas para persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia en empresas ou entidades públicas ou privadas, vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia (programa Xuventude Mentoring na Empresa 2025). O procedemento de concesión das subvencións será en réxime de concorrencia competitiva e conforme os principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación.

Os programas de estadías formativas programa Xuventude Mentoring na Empresa deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Contar cun mínimo de 8 e un máximo de 12 persoas mozas participantes.

b) O período de realización de estadías formativas nas empresas ou entidades será dun mínimo de 3 e un máximo de 4 meses consecutivos.

O período de realización das estadías formativas nas empresas ou entidades públicas ou privadas deberá finalizar, como data límite, o 31 de outubro de 2025.

### Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Orde do 8 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de estadías formativas en empresas ou entidades vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia, destinados ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciados pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (programa Xuventude Mentoring na Empresa, código de procedemento BS324D).



**Cuarto. Financiamento**

1. Para o financiamento destas subvencións, existe crédito suficiente e adecuado na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, cunha contía total de 1.271.295,72 euros (código de proxecto 2023 00133).

A distribución inicial de créditos fíxase do seguinte xeito por aplicación:

a) 455.684,22 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2025 13 05 313A 460.0 (código de proxecto 2023 00133) para o cofinanciamento de programas de estadías formativas en Galicia vinculadas a sectores estratéxicos presentadas por concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia validamente constituídas.

b) 815.611,50 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2025 13 05 313A 4810 (código de proxecto 2023 00133) para cofinanciamento de programas de estadías formativas en Galicia vinculadas a sectores estratéxicos presentadas por entidades privadas sen ánimo de lucro, con sede permanente ou domicilio social en Galicia.

2. Estas axudas estarán cofinanciadas nunha porcentaxe do 60 % pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

**Sexto. Outros datos**

Poderase solicitar un anticipo de ata o 80 % do importe concedido en cada anualidade. A entidade beneficiaria que queira solicitar o anticipo deberá solicitalo marcando no recadro do anexo III.

A concesión da subvención tramítase en réxime de concorrència competitiva e efectúase por orde de puntuación ata esgotar o crédito orzamentario.

O método de xustificación empregado será o de custos simplificados, consonte o disposto nos artigos 53.1.d), 56.1 e 56.2 do Regulamento (UE) 2021/1060.



En todo caso, o importe máximo da axuda que se concederá a cada entidade beneficiaria establécese en 100.000 €.

Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento dos programas.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2025

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude  
P.D. (Orde do 28.6.2024, DOG nº 130, do 5 de xullo)  
Elvira M<sup>a</sup> Casal García  
Secretaría xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

